



339

Unha ves märchein prá feira
prá feira dos do San Abás
cädroume a millor muller
costoum'un par de reás.

Na feira da Ponte Olveira
dighocho de corazón
comprein dúas mulleres e unhas sirolas
e tamén un pantalón.

A cando vou prá taberna
tomo unha copa de caña
se non teño que faser
barro unha tea d'araña.

Ai, viva Cärnés e Sereixo
ai, vivan os camións
vivan os homes que visten ben
que andan sin pantalóns.

1297

Unha muller sin as bragas
e un home sin chaqueta
e como unha casa qu'hai na Cruña:
chamabanll'a media teta.

Virás connigho, compañeira,
miña cariña de rosa,
que ch' hein de levar pr'òn bar
que chaman a Mariposã.